



RIANXO EN CIFRAS



Rianxo en CIFRAS

II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

**II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e
Homes do Concello de Rianxo**

Período de vixencia: 2019 –2022

**Concellería de Benestar Social, Igualdade e Diversidade
CONCELLO DE RIANXO**


Coordinación técnica: Arabías S.Coop.Galega

Deseño e maquetación: Yupiyeyo

Financia: Concello de Rianxo

CONCELLO DE RIANXO

Índice




Demografía e poboación páx. 3

1. Estrutura da poboación **páx. 4**
2. Evolución da poboación **páx. 5**
3. A xeito de conclusión **páx. 13**



Mercado laboral, emprego e formación páx. 15

1. Afiliación á Seguridade Social **páx. 16**
2. Paro rexistrado **páx. 19**
3. Contratos rexistrados **páx. 24**
4. A xeito de conclusión **páx. 27**




Educación páx. 29

1. Cifras de alumnado **páx. 30**
2. Cifras de profesorado **páx. 36**
3. Análise global por sexo **páx. 41**
4. A xeito de conclusión **páx. 45**



Benestar, calidade de vida e coidados páx. 49


1. Dependencia e coidados **páx. 50**
2. Discapacidade e coidados **páx. 50**
3. Prestacións non contributivas **páx. 52**
4. Salarios e situacións de emerxencia social **páx. 54**
5. Problemáticas de saúde e causas de mortalidade **páx. 57**
6. A xeito de conclusión **páx. 61**



Conciliación e corresponsabilidade páx. 63

1. Centros prestadores de servizos de coidados **páx. 64**
2. Servizos municipais de conciliación e corresponsabilidade **páx. 64**
3. A xeito de conclusión **páx. 67**

Índice




Cultura páx. 69

1. A xestión cultural **páx. 70**
2. Creación cultural **páx. 71**
4. A xeito de conclusión **páx. 73**



Deporte páx. 75

1. Entidades deportivas **páx. 76**
2. Xerencia das entidades deportivas **páx. 77**
3. A xeito de conclusión **páx. 81**



Participación social páx. 83

1. Participación social e comunitaria **páx. 84**
2. Participación política **páx. 84**
4. A xeito de conclusión **páx. 87**



Administración local páx. 89

1. Nivel de sensibilidade e de conciencia crítica de xénero do persoal técnico **páx. 90**
2. Ferramentas para a transversalización do enfoque de xénero na administración municipal **páx. 90**
3. Unha administración municipal igualitaria **páx. 93**



Violencia machista páx. 97

1. Datos para Galicia **páx. 98**
2. Datos segundo partido xudicial **páx. 99**
3. A xeito de conclusión **páx. 103**



Publicación interactiva
Pincha no índice para navegar polo documento

índice de gráficas e taboas

GRÁFICAS

Gráfica 1	páx. 4
Distribución da poboación segundo sexo (IGE, 2018)	
Gráfica 2	páx. 4
Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade (IGE, 2108)	
Gráfica 3	páx. 5
Persoas menores de 20 anos e maiores de 65 (IGE, 2018)	
Gráfica 4	páx. 5
Evolución da poboación total e segundo sexo entre 1998 e 2017 (IGE, 2018)	
Gráfica 5	páx. 6
Evolución dos nacementos e as defuncións entre 1980 e 2017 segundo sexo (IGE, 2018)	
Gráfica 6	páx. 7
Relación entre nacementos e defuncións entre 2000 e 2017 (IGE, 2018)	
Gráfica 7	páx. 7
Nacementos e defuncións entre o 2000 e o 2017 segundo sexo (IGE, 2018)	
Gráfica 8	páx. 8
Evolución dos nacementos segundo a relación coa actividade económica da nai (IGE, 2017)	
Gráfica 9	páx. 9
Relación entre emigracións e inmigracións (IGE, 2018)	
Gráfica 10	páx. 10
Movementos migratorios segundo sexo no ano 2017 (IGE, 2018)	
Gráfica 11	páx. 16
Evolución da diferenza porcentual en favor dos homes nas afiliacións trimestrais á Seguridade Social dende o ano 2011 (IGE, 2018)	
Gráfica 12	páx. 17
Evolución das afiliacións á Seguridade Social dende o ano 2011 segundo sexo (IGE, 2018)	
Gráfica 13	páx. 17
Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo (IGE; 2018)	

índice de gráficas e taboas

Gráfica 14	páx. 18
Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo e idade entre 2016 e 2018 (IGE, 2018)	
Gráfica 15	páx. 19
Evolución nos últimos 5 anos dos índices de estrutura e recambio da poboación en idade activa (IGE, 2018)	
Gráfica 16	páx. 19
Paro rexistrado segundo sexo entre 2009 e 2017 (IGE, 2018)	
Gráfica 17	páx. 20
Paro rexistrado mensualmente segundo sexo no 2018 (IGE, 2018)	
Gráfica 18	páx. 20
Evolución do paro rexistrado entre 2015 e 2017 segundo sexo e nivel de estudos (IGE, 2018)	
Gráfica 19	páx. 21
Paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos no último ano (IGE, 2018)	
Gráfica 20	páx. 22
Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade agrupado (IGE, 2018)	
Gráfica 21	páx. 23
Evolución do paro rexistrado segundo sexo e duración da demanda maior dun ano (IGE, 2018)	
Gráfica 22	páx. 32
Alumnado do IES Félix Muriel segundo sexo no FP e segundo rama de especialización no Bacharelato para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)	
Gráfica 23	páx. 33
Alumnado do CEP Xosé María Brea Segade segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)	
Gráfica 24	páx. 33
Alumnado do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)	
Gráfica 25	páx. 34
Alumnado do CEIP Ana María Diéguez segundo sexo e nivel académico para o curso 2018- 2019 (datos proporcionados polo centro)	

Índice de gráficas e taboas

Gráfica 26 páx. 35

Alumnado do CRA segundo sexo e nivel académico para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 27 páx. 35

Alumnado da Escola Infantil segundo sexo e nivel académico para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 28 páx. 36

Profesorado do IES Félix Muriel segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Gráfica 29 páx. 37

Profesorado do IES Félix Muriel segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Gráfica 30 páx. 37

Profesorado do CEP Xosé María Brea Segade segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 31 páx. 38

Profesorado do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 32 páx. 39

Profesorado do CEIP Ana María Diéguez segundo sexo, composición do equipo directivo e composición do Consello Escolar para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 33 páx. 39

Profesorado do CRA segundo sexo e responsabilidades académicas para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 34 páx. 40

Profesorado do CRA segundo sexo e responsabilidades directivas e de representación para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Gráfica 35 páx. 40

Profesorado da Escola Infantil segundo sexo e organigrama para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

Índice de gráficas e taboas

Gráfica 36 páx. 42

Profesorado segundo sexo e segundo participación no equipo directivo dos centros para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polos centros educativos)

Gráfica 37 páx. 52

Evolución das persoas perceptoras de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión (IGE, 2018)

Gráfica 38 páx. 53

Proporción de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión (IGE, 2018)

Gráfica 39 páx. 77

Clubs deportivos de Rianxo con participación feminina (datos facilitados polo Servizo Municipal de Deportes, 2017)

Gráfica 40 páx. 78

Presidencia ou persoa de referencia nas relacións co Concello nos clubs deportivos de Rianxo (datos facilitados polo Servizo Municipal de Deportes, 2018)

Gráfica 41 páx. 85

Composición segundo sexo do Pleno e Concellarías no Concello de Rianxo (información recollida da web municipal)

TÁBOAS

Táboa 1 páx. 8

Indicadores de fecundidade (IGE, 2017)

Táboa 2 páx. 11

Indicadores demográficos (IGE, 2018)

Táboa 3 páx. 11

Indicadores demográficos segundo sexo (IGE, 2018)

Táboa 4 páx. 23

Paro rexistrado en novembro de 2018 segundo sexo, grandes grupos de idade e tempo dende a demanda (IGE, 2018)

índice de gráficas e taboas

Táboa 5 páx. 24

Contratos rexistrados segundo modalidade do contrato no ano 2017 (IGE, 2018)

Táboa 6 páx. 24

Evolución dos contratos iniciais segundo sexo, duración do contrato e localidade do centro de traballo

Táboa 7 páx. 25

Contratos iniciais no que vai de 2018 segundo sexo, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador (IGE, 2018)

Táboa 8 páx. 31

Alumnado do IES Félix Muriel segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Táboa 9 páx. 41

Alumnado escolarizado segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polos centros educativos)

Táboa 10 páx. 50

Persoas dependentes en Galicia no 2017 segundo sexoe nivel de dependencia (IGE, 2018)

Táboa 11 páx. 51

Evolución das persoas con discapacidade segundo sexo, tipo e grao de discapacidade (IGE, 2017)

Táboa 12 páx. 53

Evolución nos últimos 5 anos do número de pensionistas, mediana e importe medio segundo sexo (IGE, 2018)

Táboa 13 páx. 54

Evolución nos últimos 5 anos do diferencial mensual das pensións en favor dos homes (IGE, 2018)

Táboa 14 páx. 55

Salario bruto anual segundo sexo e ocupación en Galicia (IGE, 2014)

Táboa 15 páx. 56

Salario medio anual segundo sexo e sector no 2017 en Galicia (IGE, 2018)

índice de gráficas e taboas

Táboa 16 páx. 57

Evolución de perceptoras/es da RISGA segundo sexo (IGE, 2018)

Táboa 17 páx. 58

Evolución bianual das principais causas de mortalidade nos homes e nas mulleres segundo a Clasificación Internacional de Enfermidades (Servizo de Epidemioloxía, Dirección Xeral de Saúde Pública, 2017)

Táboa 18 páx. 59

Principais causas de mortalidade segundo sexo e a Clasificación Internacional de Enfermidades (Servizo de Epidemioloxía, Dirección Xeral de Saúde Pública, 2017)

Táboa 19 páx. 98

Evolución do número de vítimas, ordes de protección, perceptoras de prestación, chamadas ao 016 e denuncias por violencia machista en Galicia (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)

Táboa 20 páx. 99

Número de vítimas mortais por violencia machista segundo existencia de denuncia e vínculo co agresor en Galicia (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)

Táboa 21 páx. 100

Evolución do número e ratio de denuncias por violencia machista e número de ordes de protección segundo ano no partido xudicial de Padrón (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)



Nas seguintes páxinas preséntanse os principais datos e informacións sobre a realidade municipal do concello de Rianxo en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes dispoñibles, dunha parte, de fontes secundarias (entre as que destaca o IGE) e doutra, de fontes primarias a través de entrevistas e mesas de traballo con axentes clave da realidade municipal.



Rianxo en CIFRAS



demografía e poboación

Neste epígrafe abórdase información relativa á situación da poboación rianxeira en termos demográficos.

Concretamente, a 2 de xaneiro de 2018, a **poboación empadroadada no Concello de Rianxo ascende a 11.188 persoas, das cales 5.732 son mulleres.**

1. Estrutura da poboación

SEGUNDO IDADE

A nivel municipal existe unha distribución relativamente equitativa segundo sexo, cunha lixeira proporción superior da poboación feminina en relación á masculina, que se concreta en 2,4 puntos porcentuais no ano 2017, o que representa 276 mulleres por enriba da cifra de homes.




Gráfico 1. Distribución da poboación segundo sexo (IGE, 2018)

En termos de distribución da poboación segundo idade, comprobamos que os homes predominan entre a poboación máis nova, polo maior ratio de masculinidade nos nacementos, namentres que as mulleres incrementan o seu peso sobre o conxunto da poboación a medida que atendemos a idades máis avanzadas, en boa medida debido a unha maior esperanza de vida. Destaca unha acumulación da poboación, tanto feminina como masculina, entre os 35 e os 49 anos:




Gráfico 2. Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade (IGE, 2108)

Como acontece na meirande parte do territorio galego, **existe unha poboación envellecida**, que se evidencia na relación entre a poboación maior de 65 anos e a menor de 20, onde se manifesta especialmente o peso da xente maior; moi superior especificamente entre a poboación feminina, pois **son mulleres o 57,3% das persoas de máis de 65 anos empadroadas** no municipio:




Gráfico 3. Persoas menores de 20 anos e maiores de 65 (IGE, 2018)

2. Evolución da poboación en Rianxo: nacementos, defuncións e migracións.

Observando a evolución das cifras de poboación nas dúas últimas décadas é **posible constatar unha lixeira perda demográfica**, próxima ao 8% respecto á que o concello tiña en 1998, equivalente a 959 veciñas e veciños menos.




Gráfico 4. Evolución da poboación total e segundo sexo entre 1998 e 2017 (IGE, 2018)

Nesta liña, podemos afondar máis sobre o decrecemento demográfico no concello de Rianxo a través da análise dos nacementos e as defuncións, e o contraste das cifras que atinxen ao movemento natural da poboación. Considerando unha liña temporal ampla, ate o máximo que permiten os datos dispoñibles, obtemos unha imaxe visual que rexistra o cambio de tendencia ao respecto da relación entre **os nacementos**, que **manteñen unha caída sostida** dende 1982, e as defuncións, cun lixeiro pero progresivo incremento ao longo de toda a serie considerada.




Gráfico 5. Evolución dos nacementos e as defuncións entre 1980 e 2017 segundo sexo (IGE, 2018)

Máis especificamente, comprobamos na seguinte representación gráfica que dende o cambio de milenio o número de defuncións rexistradas anualmente no municipio foi sempre superior ao de nacementos, producíndose as meirandes diferenzas nos últimos anos:




Gráfico 6. Relación entre nacementos e defuncións entre 2000 e 2017 (IGE, 2018)

Desagregando por sexo, esta tendencia repódese de xeito especialmente pronunciado dende 2012:




Gráfico 7. Nacementos e defuncións entre o 2000 e o 2017 segundo sexo (IGE, 2018)

Outros indicadores demográficos relacionados coa fecundidade ofrecen unha visión da evolución de diversos factores con incidencia na natalidade. Estes amosan, de xeito global, un panorama acorde á **redución dos nacementos** e a cambios sociais como a **progresiva separación de casamento e maternidade ou a instalación da idade media da maternidade por riba dos 30 anos**, cuestións que semellan consolidadas no século XXI segundo os indicadores dispoñibles.

	Taxa bruta natalidade	Taxa xeral fecundidade	Idade media maternidade	Idade media nai ao nacer 1.º fillo	Índice sintético fecundidade	% nacementos nai non casada	Taxa bruta reprodución
2002	8,24	34,35	30,33	27,94	1,12	11,46	0,53
2006	9,2	39,14	29,89	27,68	1,3	15,24	0,62
2010	6,41	37,52	30,53	29,05	1,28	29,9	0,57
2014	8,03	37,66	33,01	31,85	1,29	41,11	0,62
2015	7,47	35,76	32,74	30,83	1,25	45,78	0,65
2016	7,34	35,91	31,22	29,51	1,31	46,91	0,54

Táboa 1. Indicadores de fecundidade (IGE, 2017)

En clave de xénero, os nacementos permiten observar como **cada vez existe un maior número de nais activas no momento da maternidade**. En todo caso, debemos observar con cautela estes datos pois non permiten afondar máis nos tipos de traballos ou as incidencias e/ou renuncias que o nacemento implica para o seu desenvolvemento profesional.




Gráfico 8. Evolución dos nacementos segundo a relación coa actividade económica da nai (IGE, 2017)

Con respecto aos movementos migratorios, o saldo global é negativo, sen que este fenómeno contribúa ao crecemento da poboación rianxeira, máis ben ao contrario. No pasado ano (2017), 7 de cada 10 emigracións foron a outros municipios galegos, proporción que no caso das persoas chegadas a Rianxo (inmigracións) acadou o 63,9%. Se comparamos a diferenza entre emigración e inmigración, o 2017 trouxo consigo un saldo negativo de 22 persoas residentes no municipio de Rianxo, aínda que a perda de poboación prodúcese fundamentalmente dentro de Galicia –vanse máis persoas para outros concellos, das residentes en Galicia, que aquelas que mudan a súa residencia a Rianxo– dado que o saldo migratorio externo (isto é, a relación entre persoas que se van ou chegan dende outra Comunidade Autónoma ou do estranxeiro) é positivo; nesta relación, no 2017 o municipio medrou en 9 persoas.




Gráfico 9. Relación entre emigracións e inmigracións (IGE, 2018)

Só como apunte, cabe significar que constatamos un desprazamento á alza do grupo de idade con maior tendencia á emigración, especialmente no período de crise pois, se ben dende os 90's a poboación de entre 16 e 29 anos era a que emigraba en maior proporción, dende inicios do século XXI o grupo de entre 30 e 54 anos vai gañando un peso progresivo, ate sumar máis da metade das emigracións no último ano. Esta circunstancia manifesta o retardo no acceso ao emprego e, en boa medida, é consecuencia da incidencia da crise na poboación local.

Na análise segundo sexos para o ano 2017, atopamos diferenzas nas pautas migratorias pois, **tanto nas emigracións como nas inmigracións, as mulleres son maioría nos desprazamentos a contextos de relativa proximidade**, isto é, no marco do territorio galego (migracións internas). Nunha tendencia oposta, os homes representan a meirande parte dos que chegan ou mudan a outra Comunidade Autónoma ou ao estranxeiro (migracións externas), sendo superiores as chegadas que as saídas de persoas fóra de Galicia ao concello de Rianxo.




Gráfico 10 . Movements migratorios segundo sexo no ano 2017 (IGE, 2018)

Nunha análise de conxunto, **os indicadores demográficos dan conta do envellecemento da poboación rianxeira** que, sen ser tan drástica en termos de perda de poboación como noutras zonas do territorio galego –como o interior das provincias de Lugo e Ourense ou o norte de A Coruña– manifesta unha tendencia preocupante. Así se plasma na diminución continuada, ano tras ano, da densidade de poboación ou na redución da proporción de persoas menores de 20 anos. Pola contra, incrementase progresivamente a idade media da poboación, o índice de envellecemento (persoas maiores de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos); o índice de dependencia global (poboación potencialmente dependente isto é, menor de 15 anos e maior de 64 anos, por cada 100 persoas de entre 15 e 64 anos, potencialmente activas); ou o índice de estrutura da poboación activa (relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos), por citar algúns dos que nos parecen máis relevantes para advertir e anticipar o panorama futuro.

	Densidade poboación	Idade media 1 de xaneiro	% poboación menor 20 anos	Índice envellecemento	Índice dependencia global	Índice estrutura poboación activa
2002	198,8	42,04	19,28	105,86	50,51	84,36
2006	193,8	43,66	17,42	123,85	50,76	93,51
2010	196,5	44,78	16,72	137,33	54,27	104,27
2014	191,5	46,04	16,08	152,22	57,07	120,22
2017	186,8	46,9	16,01	158,25	59,24	135,2

Táboa 2. Indicadores demográficos (IGE, 2018)


Considerando por separado os datos para as mulleres e os homes de Rianxo, atopamos unha **intensidade no envellecemento significativamente máis elevada entre as mulleres**. Esta realidade ten consecuencias que derivan en problemáticas diversas de saúde e situacións de dependencia a distintos niveis nas que existe unha maior proporción de usuarias potenciais.

	Idade media 1 de xaneiro		% de poboación menor de 20 anos		Índice envellecemento	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2002	40,48	43,51	20,15	18,45	88,24	124,15
2006	42,07	45,18	18,21	16,66	104,12	144,36
2010	43,11	46,39	17,6	15,88	113,71	162,47
2014	44,52	47,49	17,13	15,07	126,62	180,15
2017	45,32	48,42	16,97	15,1	131,77	186,69
	Índice dependencia global		Índice estrutura poboación activa		Índice recambio poboación activa	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2002	46	55,06	81,61	87,22	79,31	93,72
2006	46,75	54,78	91,14	95,95	111,48	122,51
2010	49,65	58,98	101,81	106,84	138,4	135,84
2014	52,05	62,21	114,36	126,56	140,26	169,26
2017	53,38	65,28	128,19	142,87	147,51	174,3

Táboa 3. Indicadores demográficos segundo sexo (IGE, 2018)


A XEITO DE CONCLUSIÓN

- Existe unha **poboación envellecida**, cunha maior proporción de mulleres que vai en consonancia coa maior esperanza de vida para a poboación feminina.
- O **número de mulleres empadroadas no concello supera ao de homes** e as diferenzas concéntranse nas idades máis avanzadas, especialmente a partir dos 65 anos.
- O **perfil típico** segundo idade tamén evidencia o maior envellecemento **nas mulleres**, que vén representado pola franxa de idade de **entre 40 e 54 anos** (22% do total de mulleres), destacando tamén as maiores de 85 (5,3%). **Nos homes o perfil típico iría dos 35 aos 49 anos** (24,5% do conxunto de homes).
- A **poboación empadroada mantén unha tendencia decrecente** que, aínda sendo inferior á que se percibe no conxunto de Galicia, evidencia unha problemática de gran importancia que se radicaliza se tamén consideramos o envellecemento da poboación.
- Tanto en termos de **movemento natural** da poboación como considerando as migracións, **a relación é decrecente** en termos demográficos.





mercado laboral emprego e formación



Neste epígrafe abórdanse as condicións laborais da poboación rianxeira, con especial atención ás fendas de desigualdade entre mulleres e homes.

1. Afiliacións á Seguridade Social

Comezando polo volume de altas na Seguridade Social, existe unha tendencia constante, con independencia do trimestre considerado, que manifesta unha desigualdade nas afiliacións á Seguridade Social en favor dos homes; e que se presenta con maior intensidade nos períodos onde a contratación é globalmente máis baixa, como acontece no último trimestre do ano. **Dende o primeiro trimestre do 2011 e ate o terceiro de 2018, existe unha diferenza media nas afiliacións de 7,11 puntos porcentuais en cada trimestre, estando a media de afiliacións nun 53,6% para os homes e nun 46,4% para as mulleres** no período descrito. Do mesmo xeito, a recuperación nas afiliacións prodúcese de maneira máis intensa entre os homes, namentres que entre as mulleres percíbese máis tardía, cun ritmo máis lento e nun período de tempo maior.

Na representación gráfica que se reproduce de seguido, recolleamos a diferenza porcentual nas afiliacións entre homes e mulleres, comprobando que en todos os trimestres dende o ano 2011 a diferenza mínima no volume de altas nos homes supera cando menos os 2 puntos (trimestres de xuño e setembro de 2012), chegando ate os 16,69 (decembro de 2015).




Gráfico 11. Evolución da diferenza porcentual en favor dos homes nas afiliacións trimestrais á Seguridade Social dende o ano 2011 (IGE, 2018)

Deste xeito, a situación de desigualdade nas altas na Seguridade Social incrementa a súa incidencia nos momentos de maior dificultade para atopar emprego e a recuperación prodúcese antes, e de maneira máis efectiva, entre os homes, evidenciando que a crise no acceso ao mercado laboral afecta dunha maneira máis pronunciada e prolongada á poboación feminina.




Gráfico 12. Evolución das afiliacións á Seguridade Social dende o ano 2011 segundo sexo (IGE, 2018)

Considerando as cifras brutas dispoñibles para os últimos dous anos, observamos que a tendencia descrita na gráfica anterior non amosa visos de mudar nos últimos trimestres, máis ben ao contrario: intensifícase lixeiramente a diferenza nas afiliacións entre mulleres e homes en favor deles.




Gráfico 13. Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo (IGE, 2018)

Incluindo na análise das afiliacións os grupos de idade (quinquenais) podemos detectar o perfil da poboación no que as desigualdades no acceso ao emprego se manifestan con máis claridade, aportando información útil á hora de focalizar políticas e accións encamiñadas á promoción da empregabilidade, poñendo o foco nos perfís de maior risco. Así, aínda que a tendencia global se mantén en todas as franxas de idade, destacamos que **entre os 30 e os 49 anos existe unha diferenza importante nas afiliacións**, significativamente desigual en favor dos homes.




Gráfico 14. Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo e idade entre 2016 e 2018 (IGE, 2018)

Neste senso, no marco das mesas de traballo realizadas co persoal técnico e con representantes do tecido social de Rianxo, existe unha coincidencia en sinalar que **os problemas derivados da falta de conciliación e corresponsabilidade nas familias afectan de forma máis significativa ás mulleres**, quen asumen en maior medida os coidados das crianzas e/ou outras persoas en situación de dependencia. Unha situación que incide no desenvolvemento da carreira profesional, a cal se presenta de forma descontinua no caso delas, coincidindo coa información apuntada polas fontes oficiais.

De igual xeito, pola súa relación co mercado laboral, recolleemos con maior detalle os índices sociodemográficos relativos á estrutura e recambio da poboación en idade activa pois, aínda que xa foron presentados brevemente nos indicadores demográficos correspondentes ao epígrafe anterior, contribúen a dilucidar o panorama laboral municipal: en ámbolos dous casos, existe un incremento practicamente continuado no valor dos índices, evidenciando a debilidade da poboación activa.




Gráfico 15. Evolución nos últimos 5 anos dos índices de estrutura e recambio da poboación en idade activa (IGE, 2018)

2. Paro rexistrado

Outro enfoque complementario sobre a diferente situación laboral entre as mulleres e os homes de Rianxo percíbese estudando o desemprego. Ao respecto, **dende o ano 2011 o paro feminino amosa un crecemento progresivo**.




Gráfico 16. Paro rexistrado segundo sexo entre 2009 e 2017 (IGE, 2018)

No ano 2017, lonxe de diminuír esta tendencia aumenta a proporción de mulleres nas listaxes de paro rexistrado segundo os datos aportados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.




Gráfico 17. Paro rexistrado mensualmente segundo sexo no 2018 (IGE, 2018)

O paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos amosa que a primeira variable ten maior peso que o nivel de formación á hora de atopar emprego, cuestión que se manifesta con claridade nos estudos secundarios e postsecundarios, onde o número de mulleres en paro –especialmente no nivel de formación máis elevado– é superior ao de homes.




Gráfico 18. Evolución do paro rexistrado entre 2015 e 2017 segundo sexo e nivel de estudos (IGE, 2018)

No último ano confirmamos a existencia dun **nivel de estudos sensiblemente máis elevado entre as mulleres rianxeiras en situación de paro**, que se manifesta nas categorías relativas aos estudos secundarios e postsecundarios, coincidentes cos de maior nivel de formación dos medidos polo IGE.




Gráfico 19. Paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos no último ano (IGE, 2018)

Se atendemos ao paro rexistrado segundo sexo e sección de actividade económica (CNAE-09), **o desemprego das mulleres predomina na industria manufacturera, no comercio, na hostalaría, nas actividades administrativas e servizos auxiliares, en educación e en actividades sanitarias e servizos sociais**. Pola contra, seguen a demandar minoritariamente emprego nos sectores de transporte e almacenamento, na construción e na agricultura, gandería, silvicultura e pesca; aínda que neste último caso as máis das veces asumen unha parte fundamental dese traballo malia non figurar coa titularidade das explotacións ou non cotizar no réxime agrario.

Nesta liña, e no marco das narrativas expresadas polos axentes locais que participaron nas mesas de traballo a nivel municipal, apúntase a realidade da economía somerxida como un problema que afecta de forma significativa ás mulleres da vila; nomeadamente nos sectores vinculados aos traballos no mar ou aos coidados a persoas en situación de dependencia e atención no fogar. A realidade dos empregos non formais entronca coa perda de dereitos laborais e redución da capacidade económica, presente e futura, ao ter incidencia nas pensións e/ou subsidios, reforzando de forma significativa a constatada tendencia á feminización da pobreza.

Considerando os sectores agrupados, o paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade dá conta da segregación horizontal, isto é, da masculinización e feminización dos sectores de actividade en base a estereotipos e roles de xénero. O persoal técnico do concello que participou nesta diagnose, apunta á tendencia á feminización de certos empregos como a manufactura do peixe nas conserveiras. En todo caso, os datos oficiais confirman esta apreciación.

Así, escollendo unha serie de datos anuais e o último dispoñible, comprobamos que existen porcentaxes moi superiores de mulleres en paro na industria, entre quen non tivo un emprego con anterioridade e nos servizos; á inversa acontece co sector primario e a construción. Deste xeito, podemos constatar a continuidade e predominio de patróns tradicionais entre sexos con incidencia sobre a empregabilidade.




Gráfico 20. Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade agrupado (IGE, 2018)

Considerando o último dato dispoñible, isto é novembro de 2018, **as mulleres superan aos homes entre as persoas demandantes de emprego** no concello de Rianxo, especialmente no paro de longa duración.

	Menores de 25		25 e máis anos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<= 1 mes	7	1	30	28
>= 1 mes / <= 6 meses	17	5	67	112
> 6 meses / <= 1 ano	1	3	33	28
> 1 ano	0	3	94	28

Táboa 4. Paro rexistrado en novembro de 2018 segundo sexo, grandes grupos de idade e tempo dende a demanda (IGE, 2018)

O paro rexistrado amosa as maiores diferenzas segundo sexo no caso máis extremo de quen leva máis dun ano transcorrido dende a demanda; neste caso, as mulleres acadan a cifra das 164 persoas. Nos últimos anos, esta tendencia, lonxe de mudar tense afianzado, acadando unha das diferenzas máis amplas dos últimos anos, precisamente, no último rexistro dispoñible relativo a outubro do 2018.




Gráfico 21. Evolución do paro rexistrado segundo sexo e duración da demanda maior dun ano (IGE, 2018)

3. Contratos rexistrados

Respecto aos contratos rexistrados, se ben é certo que **as mulleres con carácter xeral superan aos homes nos contratos iniciais** nos datos máis recentes de 2017, un dato que podería semellar positivo, a realidade non resulta tan favorable; precisamente, **a maior sinatura de contratos deriva do contexto laboral de precariedade e inestabilidade**, nomeadamente en certos sectores altamente feminizados.

	Homes	Mulleres
Total de contratos rexistrados	897	987
A tempo completo	610	653
A tempo parcial	277	332
Total de contratos iniciais	871	967
Conversións a indefinidos	26	20

Táboa 5. Contratos rexistrados segundo modalidade do contrato no ano 2017 (IGE, 2018)

Así, se atendemos aos contratos iniciados no mercado laboral local, comprobamos que a práctica totalidade se corresponden con contratos temporais, categoría na que as mulleres xa son maioría segundo o último dato dispoñible relativo ao ano 2017. Non sucede o mesmo **nas contratacións indefinidas, nas que os homes superan en todos os anos da serie presentada ás mulleres nunha proporción importante.**

	De duración indefinida		Temporais ou duración determinada	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2002	31	14	818	799
2006	30	13	1.074	986
2010	39	25	791	698
2014	51	35	644	627
2017	49	32	822	935

Táboa 6. Evolución dos contratos iniciais segundo sexo, duración do contrato e localidade do centro de traballo

Para confirmar a diagnose da segregación horizontal, complementamos a información sobre o paro cos contratos iniciais no que vai de 2018. Neste caso comprobamos as mulleres residentes en Rianxo empréganse fundamentalmente na industria e no sector servizos, cunha presenza moi reducida na construción.

	Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Xaneiro	6	0	88	219	21	0	109	86
Febreiro	19	2	46	83	19	0	110	57
Marzo	7	2	33	58	11	0	104	90
Abril	27	4	64	140	21	0	144	82
Maio	7	1	37	50	25	2	212	102
Xuño	6	2	40	46	29	3	153	94
Xullo	15	2	47	78	16	0	264	130
Agosto	10	3	60	73	20	0	143	98
Setembro	21	3	49	63	16	1	151	99
Outubro	14	3	56	64	12	2	169	128
Novembro	17	3	27	37	20	0	98	97

Táboa 7. Contratos iniciais no que vai de 2018 segundo sexo, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador (IGE, 2018)

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- As afiliacións á Seguridade Social amosan as diferenzas entre mulleres e homes no acceso ao mercado de traballo: **para elas é inferior a intensidade de recuperación de emprego**, que se produce de maneira lenta e prolongada no tempo.
- Segundo idade, **os momentos que coinciden coa maternidade e/ou primeiros anos de vida das crianzas coinciden cunha maior dificultade para a empregabilidade das mulleres**, cunha especial afectación no cerne da traxectoria laboral, isto é, entre 30 e 49 anos. Esta situación ten consecuencias directas e indirectas sobre a carreira profesional como a descontinuidade laboral, as dificultades para promocionar, a asunción de consecuencias asociadas a renuncias e/ou preferencias persoais – a viaxar, a pernoctar fóra do domicilio familiar, etc...-.
- A **dobre xornada laboral** que asumen as mulleres, ao ser fundamentalmente responsables dos coidados e o mantemento do fogar, **ten importantes incidencias nas súas oportunidades laborais**.
- **O paro rexistrado é superior entre as mulleres**, e mantén unha preocupante tendencia crecente nos últimos anos.
- En Rianxo existen **sectores claramente feminizados**, tanto a nivel de emprego como de paro: a **industria** (manufatura do peixe fundamentalmente) e o **sector servizos**.
- Malia que as mulleres son maioría nas cifras de paro, **as contratacións iniciadas no 2018 derivan en máis contratacións para os homes**, ao igual que tamén son favorecidos na contratación indefinida.

educación

No marco da educación regrada, no municipio de Rianxo existen os seguintes centros educativos:

- 1 centro de Ensino Secundario
- 1 centro de Ensino Primario
- 2 centro de Ensino Infantil e Primario
- 1 Colexio Rural
- 1 Escola Infantil (*Galiña Azul*)

1. Cifras de alumnado

- 1 Instituto de Ensino Secundario. **IES Félix Muriel**, na parroquia de Rianxo.
- 1 Centro de Ensino Primario **CEP Xosé María Brea Segade**, na parroquia de Taragoña.
- 1 Centro de Ensino Infantil e Primario. **CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao**, na parroquia de Rianxo.
- 1 Centro de Ensino Infantil e Primario. **CEIP Ana María Diéguez**, na parroquia de Asados.
- 1 **Colexio Rural Agrupado (CRA)**, composta por 8 escolas coa seguinte distribución:
 - 1 na parroquia de Rianxo: **escola de Pazo**
 - 2 na parroquia de Leiro: **escola de Abuín e Brión**, e **escola de Rañó**
 - 1 na parroquia de Isorna: **escola de Quintáns**
 - 1 na parroquia de Araño: **escola de Capela**
 - 3 na parroquia de Taragoña: **escola de Outeiro**, **escola de Cruceiro** e **escola de Cuvide**
- 1 **Escola Infantil pertencente á rede da Galiña Azul**, de titularidade autonómica (Xunta de Galicia), na parroquia de Rianxo.

A distribución do alumnado segundo sexo amosa unha proporción que vai variando en función das características do centro e a contorna na que se localiza. Presentamos en primeiro lugar os datos de cada centro e, posteriormente, unha análise de conxunto da comunidade educativa en Rianxo. Os datos presentados neste epígrafe foron proporcionados de primeira man polos centros educativos, de aí que podamos actualizar a información ofrecida pola Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

O **IES Félix Muriel concentra a maior proporción de alumnado dos centros educativos existentes no termo municipal**, sendo o único centro de Educación Secundaria no municipio; ademais, oferta o grao de Formación Profesional de Atención a persoas en situación de dependencia. En total

e segundo sexo, no centro estudan 277 mulleres e 230 homes, estando a diferenza máis substancial precisamente no FP, onde unha rama orientada aos coidados como é a atención á dependencia está altamente feminizada, con 36 mulleres e un só home no curso académico 2018-2019. Segundo o ciclo, os resultados distribúense do seguinte xeito:

	Homes	Mulleres
1º ESO	54	43
2º ESO	39	46
3º ESO	43	49
4º ESO	38	37

1º Bach. Ciencias	19	14
1º Bach. Ciencias Sociais	11	6
1º Bach. Humanidades	4	13
2º Bach. Ciencias	11	14
2º Bach. Ciencias Sociais	4	11
2º Bach. Humanidades	6	8

1º FP Atención a persoas en situación de dependencia	1	20
1º FP Atención a persoas en situación de dependencia	0	16

Táboa 8. Alumnado do IES Félix Muriel segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Na Educación Secundaria, a existencia de itinerarios elixidos por rapazas e rapaces permite afondar nas diferenzas ao respecto da traxectoria formativa seguida. Nese senso, deixando á marxe a ESO, comprobamos a existencia de **diferenzas altamente significativas segundo sexo na elección da rama de especialización académica**, sobre todo no xa citado FP, pero tamén na maior proporción de mulleres na liña de Bacharelato de Humanidades.

dades e Ciencias Sociais máis orientado ás carreiras universitarias relacionadas coas Humanidades (2 de cada 3 matrículas corresponden a rapazas, unha rama na que tradicionalmente elas concentran un maior peso).

Para unha maior claridade nesta observación, amósase a distribución de rapaces e rapazas, agrupados segundo a liña de Bacharelato seguida, así como as proporcións no FP:




Gráfico 22. Alumnado do IES Félix Muriel segundo sexo no FP e segundo rama de especialización no Bacharelato para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Igualmente, no marco das mesas de traballo, tanto o profesorado como as persoas representantes das ANPA que participaron, advertían do impacto que tiñan os procesos de socialización diferenciada nas eleccións e oportunidades vitais e profesionais das rapazas e rapaces. A este respecto, indicaban **a importancia de propor modelos pedagóxicos alternativos aos tradicionais roles e estereotipos de xénero, e de xeito específico, atender á incidencia que estes teñen no marco da orientación académica e profesional.**

No **CEP Xosé María Brea Segade** existen 90 matrículas no curso académico 2018-2019, das cales 48 son rapazas e 42 rapaces que estudan Educación Primaria. En función do curso académico, a distribución do alumnado neste centro queda do seguinte xeito:




Gráfico 23. Alumnado do CEP Xosé María Brea Segade segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

O alumnado do **CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao** está integrado por 228 rapaces e 210 rapazas, 61 delas estudan Educación Infantil e 149 Educación Primaria.




Gráfico 24. Alumnado do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

No caso do **CEIP Ana María Diéguez**, existe unha proporción equilibrada do alumnado segundo sexo, xa que acoden ao centro 66 nenos e 64 nenas, cun total de 130 persoas escolarizadas.




Gráfico 25. Alumnado do CEIP Ana María Diéguez segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

Igualmente, no marco das mesas de traballo, retomouse importancia de analizar o uso dos espazos de xogo por parte das nenas e nenos; evidenciando a necesidade de ofrecer alternativas ao fútbol como práctica habitual. Neste senso, destacouuse o valor de atender á configuración dos tempos libres na infancia e aos procesos de lúdicos como espazos para traballar en modelos de masculinidade e feminidade non condicionados por patróns sexistas.

Pola súa banda, o **Colexio Rural Agrupado (CRA)** concentra 60 alumnas (48 no nivel de Educación Infantil e 12 nos dous cursos de Educación Primaria que se imparten) e 49 alumnos (35 en Educación Infantil e 14 en Primaria), sendo un total de 109. En Infantil o número de rapazas é superior ao de rapaces, namentres que en Primaria sucede ao contrario.




Gráfico 26. Alumnado do CRA segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

A **Escola Infantil pertencente á rede da Galiña Azul** atende a 77 persoas, 34 nenas e 43 nenos, sendo que máis da metade se concentran no grupo de entre 2 e 3 anos.




Gráfico 27. Alumnado da Escola Infantil segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

2. Cifras de profesorado

A continuación, repetiremos o tratamento de información realizado para o alumnado pero atendendo á distribución segundo sexo do profesorado, dando conta ademais da composición do equipo directivo.

No **IES Félix Muriel** existe unha maioría de profesoras, aínda que entre o equipo directivo só se integra unha delas. Deste xeito, o 63,5% son mulleres, cifra que se aproxima a unha proporción de 2 de cada 3 docentes.




Gráfico 28. Profesorado do IES Félix Muriel segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

Segundo o ámbito de especialización, a distribución do profesorado do Instituto de Rianxo segundo sexo reflicte os resultados que presentamos na gráfica seguinte, sen que permitan extraer hipóteses significativas na relación entre o sexo e as materias impartidas, é dicir, a formación do profesorado:




Gráfico 29. Profesorado do IES Félix Muriel segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro, 2018)

O **CEP Xosé María Brea Segade** está conformado por 11 profesionais, cunha clara maioría de mulleres, dúas das cales asumen a totalidade de responsabilidades directivas.




Gráfico 30. Profesorado do CEP Xosé María Brea Segade segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

No **CEIP Castelao** as mulleres son dous terzos do Equipo Directivo e o 84,6% do profesorado, amosando a **intensa feminización do campo da ensinanza e demais tarefas vencelladas á educación**. Nesta liña, a inferior idade das nenas e nenos adoita correlacionar cunha meirande proporción de mulleres entre o profesorado, algo que acontece neste centro –ao igual que no resto dos existentes en Rianxo cando combinan diferentes niveis de ensinanza–. Deste xeito, a relación de mulleres na Educación Infantil é superior respecto á Educación Primaria.




Gráfico 31. Profesorado do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao segundo sexo e composición do equipo directivo para o curso 2018–2019 (datos proporcionados polo centro)

O **CEIP Ana María Diéguez** está integrado por 17 profesionais: 12 mestras, 3 mestres, 1 profesional da limpeza e 1 conserxe. Malia que o equipo de dirección se integra por dous homes e unha muller, sumando o resto de integrantes do Consello Escolar existe unha maioría feminina neste órgano de decisión e xestión.




Gráfico 32. Profesorado do CEIP Ana María Diéguez segundo sexo, composición do equipo directivo e composición do Consello Escolar para o curso 2018–2021 (datos proporcionados polo centro)

O profesorado que desenvolve o seu labor nas escolas que integran o **CRA de Rianxo**, tamén atopamos unha maioría absoluta de mulleres, que se aproxima a unha proporción feminina de 3 de cada 4 docentes.




Gráfico 33. Profesorado do CRA segundo sexo e responsabilidades académicas para o curso 2018– 2019 (datos proporcionados polo centro)

Do mesmo xeito, na dirección das escolas que compoñen o CRA tamén se evidencia esa maioría de profesoras, que asumen unha maior responsabilidade na xestión e organización dos aspectos académico-administrativos en cada unha.





Gráfico 34. Profesorado do CRA segundo sexo e responsabilidades directivas e de representación para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

No caso da **Escola Infantil (Galiña Azul)**, a excepción dun caso –persoal de xestión e servizos–, as mulleres compoñen a totalidade do persoal profesional neste centro, evidenciando o maior peso das mulleres nesta etapa educativa.



* A Dirección da Escola Infantil recoe nunha das mestras

Gráfico 35. Profesorado da Escola Infantil segundo sexo e organigrama para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polo centro)

3. Análise global por sexo da comunidade educativa

Dende unha análise de conxunto da comunidade educativa de Rianxo para o curso académico 2018-2019, presentamos a continuación os datos agrupados de todos os centros educativos para obter unha panorámica global da composición do alumnado escolarizado e do profesorado.

Considerando o alumnado, existe unha proporción similar no seu conxunto, estando as maiores diferenzas no Bacharelato –coa excepción da xa analizada FP–, con maior presenza de rapazas.

	Alumnos	Alumnas
1º Infantil (<1 ano)	8	3
2º Infantil (<2 anos)	14	13
3º Infantil (<3 anos)	21	18
4º Infantil	39	43
5º Infantil	45	44
6º Infantil	28	39
1º Primaria	41	39
2º Primaria	41	38
3º Primaria	52	46
4º Primaria	49	41
5º Primaria	44	47
6º Primaria	46	43
1º Bach. Ciencias	19	14
1º Bach. Ciencias Sociais	11	6
1º Bach. Humanidades	4	13
2º Bach. Ciencias	11	14
2º Bach. Ciencias Sociais	4	11
2º Bach. Humanidades	6	8
1º FP Atención a persoas en situación de dependencia	1	20
1º FP Atención a persoas en situación de dependencia	0	16
	658	693
1º ESO	54	43
2º ESO	39	46
3º ESO	43	49
4º ESO	38	37

Táboa 9. Alumnado escolarizado segundo sexo e nivel académico para o curso 2018-2019 (datos proporcionados polos centros educativos)

En termos de profesorado, de cada 4 profesionais 3 son mestras, aínda que a proporción equilibrase se atendemos ás persoas con responsabilidades directivas.




Gráfico 36. Profesorado segundo sexo e segundo participación no equipo directivo dos centros para o curso 2018-2019
(datos proporcionados polos centros educativos)

En conxunto, podemos dicir que en Rianxo **a comunidade educativa atópase lixeiramente feminizada no caso do alumnado e profundamente feminizada no caso do profesorado.**

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- Existe unha poboación de **693 alumnas e 658 alumnos** nos centros educativos do Concello de Rianxo, que suman un total de 1.351 persoas escolarizadas no conxunto de niveis académicos, que van da escola infantil ate a FP.
- O **profesorado** que exerce no municipio tamén amosa unha **maioría feminina**, de conformidade cun sector que, dende vai tempo, vense caracterizando por un maior peso das mulleres: o **76,5% son mestras**.
- A medida que diminúe a idade do alumnado incrementase a proporción de mulleres entre o persoal formador, xa notablemente maioritarias no sector educativo. Deste xeito, o nivel de ensinanza no que atopamos **a meirande proporción de mulleres é o da Educación Infantil**.
- **A dirección dos centros**, a excepción da Escola Infantil e do CEP Xosé María Brea Segade, **recae en homes**, malia que a ampla maioría das profesionais que traballan nos centros son mulleres.
- No Bacharelato é o primeiro nivel onde atopamos unha **diferenza sensible de matrículas segundo sexo**, en favor das rapazas.
- No nivel de Bacharelato, así como no FP, entran en xogo as eleccións persoais sobre o perfil académico desexado. Así, existe unha **maior proporción de rapazas na rama de Humanidades e nun FP orientado a coidados**, como é o de Atención a persoas en situación de dependencia, as mulleres superan o **97% do total de alumnado**. Esta realidade avala a necesidade de articular actuacións de orientación académica e profesional desde un enfoque de xénero.

- Resulta fundamental **atender á reprodución dos roles e estereotipos de xénero no eido educativo**, con especial atención aos espazos de xogo de nenas e nenos. Tamén, cabe considerar o coidado da comunicación entre os centros e as familias, destacando a necesidade de dirixirse ao conxunto da unidade de convivencia e non exclusivamente ás nais.
- Detéctase unha **elevada implicación e sensibilidade dos centros educativos**, profesorado e alumnado en dúas liñas básicas:
 - a) **Experiencia no desenvolvemento de iniciativas coordinadas a nivel municipal** coa administración local en materia de igualdade de xénero e prevención de violencias machistas.
 - b) **Na implantación de actividades de formación e sensibilización en materia de igualdade de xénero e prevención de violencias machistas** a nivel de aula e de centro educativo.

A XEITO DE CONCLUSIÓN



benestar, calidade de vida e coidados

Neste epígrafe recóllense cuestións relacionadas coas condicións de vida, tales como dependencia, situacións de discapacidade ou pensións desde un enfoque de xénero. Dada a importancia dos contidos asociados a este apartado, puntualmente recorreremos a datos relativos ao conxunto de Galicia para unha mellor comprensión da realidade que atopamos no municipio de Rianxo.

1. Dependencia e coidados

Malia que non está dispoñible información desagregada a nivel municipal, segundo os datos para Galicia no ano 2017, o **número de mulleres en situación de dependencia é notablemente superior ao dos varóns en todos os niveis**.

	Homes	Mulleres
Moderada	20.816	28.722
Severa	12.825	20.986
Gran dependencia	13.441	21.085

Táboa 10. Persoas dependentes en Galicia no 2017 segundo sexo e nivel de dependencia (IGE, 2018)

2. Discapacidade e coidados

En Rianxo, o número de mulleres con algunha discapacidade é sensiblemente superior ao de homes, pois o número bruto, segundo o IGE, fala dun total de **773 persoas con discapacidade**; das que **346 son homes (44,8%) e 427 mulleres (55,2%)**.

En todas as categorías das que existe información, coa excepción da discapacidade sensorial no grao máis reducido, mantense como tónica xeral unha meirande proporción de mulleres; esta sobrerrepresentación das mulleres na discapacidade destaca nas persoas cun grao de discapacidade superior ao 65%, unha característica que é permanente en toda a serie histórica. Esta cuestión está en estreita relación co maior envellecemento da poboación feminina, pero non debe ocultar outros aspectos relacionados con patróns socioculturais e estilos de vida que contribúen a incrementar o risco de discapacidade para as mulleres.

Neste senso, cabe sinalar a tendencia globalizada, indicada por organismos oficiais como a Organización Mundial da Saúde (OMS), a que as mulleres vivan máis anos pero cunha peor calidade de vida. Esta situación explícase dunha banda, pola ausencia de recoñecemento e atención específica á saúde das mulleres, unha cuestión abordada nas mesas de traballo en relación á saúde profesional e ás condicións de traballo dos sectores máis feminizados; doutra banda, á sobrecarga de traballos que asumen as mulleres, ao recaer nelas a responsabilidade case absoluta dos traballos reprodutivos.

		Do 33% ao 64%		Do 64% ao 74%		74% ou máis	
FÍSICA		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2010		47,5	52,5	38,7	61,3	38,9	61,1
2011		47,5	52,5	37,3	62,7	40,6	59,4
2012		48,3	51,7	37,2	62,8	39,2	60,8
2013		48,3	51,7	36,8	63,2	39,7	60,3
2014		45,9	54,1	38,1	61,9	38,3	61,7
2015		47,0	53,0	38,8	61,2	39,4	60,6
2016		47,1	52,0	38,1	61,9	39,6	60,4

		Do 33% ao 64%		Do 64% ao 74%		74% ou máis	
PSÍQUICA		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2010		37,4	62,6	45,5	54,5	41,5	58,5
2011		37,5	62,5	45,1	54,9	41,9	58,1
2012		41,0	59,0	44,9	55,1	41,1	58,9
2013		40,0	60,0	43,9	56,1	42,4	57,6
2014		36,5	63,5	47,3	52,7	42,3	57,7
2015		37,3	62,7	48,3	51,7	44,3	55,7
2016		35,1	64,9	47,9	52,1	43,8	56,2

		Do 33% ao 64%		Do 64% ao 74%		74% ou máis	
SENSORIAL		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2010		57,1	42,9	27,8	72,2	29,3	70,7
2011		57,8	42,2	28,9	71,1	34,1	65,9
2012		58,0	42,0	31,6	68,4	32,6	67,4
2013		56,9	43,1	33,3	66,7	34,1	65,9
2014		54,0	46,0	37,8	62,2	35,0	65,0
2015		46,4	53,6	60,5	39,5	59,5	40,5
2016		54,9	45,1	39,5	60,5	40,5	59,5

Táboa 11. Evolución das persoas con discapacidade segundo sexo, tipo e grao de discapacidade (IGE, 2017)

A este respecto, evidénciase a necesidade de atender ás necesidades da poboación dependente, pois non existen recursos que presten estes servizos a este nivel no concello. De feito, existe a demanda da creación dun centro de día a nivel local, para evitar o desprazamento da poboación rianxeira no caso de verse en situación de dependencia a concellos como Dodro ou a Pobra do Caramiñal, cando non máis lonxe de ser o caso que se precise o internamento nunha residencia pública.

Neste caso, tamén se bota en falta unha ampliación do Servizo de Axuda no Fogar, pois resulta insuficiente para atender a demanda de apoio que fan chegar as familias ao concello. Igualmente, unha denuncia compartida resulta da falta de efectividade da *Lei 39/2006, de promoción da autonomía e de atención ás persoas en situación de dependencia*, pois a lentitude dos procedementos supón unha falta na garantía dos dereitos nela recoñecidos.

3. Prestacións non contributivas

As prestacións non contributivas amosan unha lóxica similar ao das discapacidades, cunha intensificación a partir da xubilación da proporción de mulleres con respecto á de homes, tal e como se evidencia a continuación:




Gráfico 37. Evolución das persoas perceptoras de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión (IGE, 2018)

Comparando as proporcións de homes e mulleres que perciben prestacións non contributivas de invalidez ou xubilación, observamos o peso relativo das mulleres, especialmente no caso das xubilacións; cuestión ligada a unha meirande esperanza de vida e coherente cos indicadores demográficos presentados con anterioridade.




Gráfico 38. Proporción de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión (IGE, 2018)

Afondando na situación descrita, o importe medio das pensións e a mediana do importe aportan información útil se comparamos as percepcións segundo sexo. Así, na táboa que continúa comprobamos que para o ano 2017, namentres o **importe medio das pensións dos varóns era de 835,27€** o das mulleres situábase en **650,27€**.

	NÚMERO		IMPORTE MEDIO EN €		MEDIANA DO IMPORTE EN €	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2013	54	54	43	43	43	43
2014	39	39	46	46	46	46
2015	43	43	49	49	49	49
2016	38	38	37	37	37	37
2017	38	38	37	37	37	37

Táboa 12 . Evolución nos últimos 5 anos do número de pensionistas, mediana e importe medio segundo sexo (IGE, 2018)

No municipio de Rianxo, así como no conxunto de Galicia, as mulleres perciben unha cantidade mensual derivada das pensións sensiblemente inferior e de maneira continuada no tempo. Os datos municipais evidencian a existencia dunha profunda fenda neste eido, tal e como se aprecia na Táboa 12:

	€ mensuais homes > mulleres
2013	163,29
2014	167,17
2015	174,48
2016	185,81
2017	185

Táboa 13. Evolución nos últimos 5 anos do diferencial mensual das pensións en favor dos homes (IGE, 2018)

4. Salarios e situacións de emerxencia social

Aínda que non dispoñemos de datos desagregados a nivel municipal máis aló de que en Rianxo a renda bruta dispoñible por habitante alcanza os 12.192€ no ano 2015 (dato extraído da Renda municipal dos fogares, IGE, 2018), as cifras para o conxunto de Galicia evidencian a disparidade nos salarios entre homes e mulleres nas diversas categorías de ocupación. Esta "Enquisa de estrutura salarial", malia presentar datos de 2014, amosa a través do salario bruto anual que a fenda salarial entre mulleres e homes débuxase con claridade con independencia de que falemos dunha ocupación cun nivel salarial superior ou inferior.

Salario bruto anual	Homes	Mulleres
Total	22.505,10	17.797,00
Directores e xerentes	46.504,60	37.897,90
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	33.435,40	28.108,30
Técnicos e profesionais de apoio	27.566,80	22.866,90
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	20.12,90	16.207,40
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e comercio	17.430,20	12.782,80
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción*	20.291,10	14.967,60
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	18.917,60	14.895,30
Ocupacións elementais	16.041,10	11.146,70

Táboa 14. Salario bruto anual segundo sexo e ocupación en Galicia (IGE, 2014)

Así, tomando novamente como referencia os datos para o conxunto de Galicia no pasado 2017, recalcamos a fenda salarial tomando as cifras dos salarios medios segundo sectores tal e como recolle a Axencia Estatal da Administración Tributaria, chegando á mesma conclusión.

Salario medio anual	Homes	Mulleres
Total sectores	20.554	16.123
Agricultura, ganadería, silvicultura e pesca	16.260	11.310
Industria extractiva, enerxía e auga	29.215	21.601
Industria	22.213	15.676
Construción e actividades inmobiliarias	17.764	16.223
Comercio, reparacións e transporte	19.809	14.283
Información e comunicacións	25.551	19.338
Entidades financeiras e aseguradoras	39.304	27.662
Servizos ás empresas	16.905	12.109
Servizos sociais	26.863	22.234
Outros servizos persoais e de ocio	10.903	7.823

Táboa 15. Salario medio anual segundo sexo e sector no 2017 en Galicia (IGE, 2018)

Como información complementaria, a *Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)* é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia en situacións de extrema necesidade, unha situación que se recoñece nunha maior proporción ás mulleres nos últimos 10 anos. Neste caso, dispoñemos de datos a nivel municipal que nos permiten observar unha tendencia crecente ao longo do tempo nas mulleres. Neste caso, o persoal técnico de servizos sociais do concello constata a tendencia á feminización da pobreza, unha realidade común alén do eido local.

Igualmente, resulta convinte identificar a continuidade da situación de necesidade que motiva a percepción da RISGA naqueles casos nos que a perceptora mantén a súa situación de risco de xeito continuado, ano tras ano, coa finalidade de evitar a cronificación da pobreza.

RISGA	Homes	Mulleres
2008	0	1
2009	0	1
2010	0	1
2011	0	0
2012	0	2
2013	3	3
2014	2	0
2015	6	6
2016	4	6
2017	3	6

Táboa 16. Evolución de perceptoras/es da RISGA segundo sexo (IGE, 2018)

5. Problemáticas de saúde e causas de mortalidade

Este epígrafe permite coñecer as diferenzas entre mulleres e homes ao respecto das problemáticas de saúde, cunha clara incidencia sobre a calidade de vida e o benestar da poboación. Ademais, resulta de utilidade para valorar se as principais problemáticas que afectan ás mulleres, co conseguinte nivel de risco asociado, reciben a mesma atención e planificación na articulación da sanidade pública que no caso dos homes.

A continuación presentamos as principais causas de mortalidade das mulleres de Rianxo asociadas á Clasificación Internacional de Enfermidades dende o ano 2000 (excluíronse tres categorías de enfermidade que contiñan moi poucos casos). No que vai de século, as enfermidades do sistema circulatorio destacan como principal causa de morte, co 43,9% do total en-

tre as mulleres e segundo as categorías que recolle o Servizo de Epidemioloxía. A certa distancia, os categorizados como "Tumores" constitúen a segunda causa de maior peso, co 18,6% dos rexistros. No caso dos rianxeiros, invértense as dúas primeiras causas comparativamente coas mulleres, xa que os tumores constitúen a primeira causa de morte (37,3%) e as enfermidades do sistema circulatorio a segunda (28,6%).

	2000		2002		2004		2006		2008		2010		2012		2014		2016		Total 2000-2016	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Enfermidades infecciosas e parasitarias	3	4	0	1	1	0	1	0	3	0	0	0	2	0	3	2	1	1	21	17
Tumores	16	6	23	10	21	10	20	10	16	7	22	13	32	13	29	12	27	9	410	185
Enfermidades endocrinas / nutricionais / metabólicas	2	0	2	2	0	0	0	0	2	0	0	3	1	0	1	6	1	5	12	28
Transtornos mentais e do comportamento	0	1	0	2	0	2	0	2	0	0	0	9	1	6	4	4	1	7	15	63
Enfermidades do sistema nervioso	0	1	1	1	0	2	3	1	0	0	1	4	1	1	3	6	1	3	21	36
Enfermidades do sistema circulatorio	11	24	27	27	18	25	19	27	11	24	18	24	21	28	18	21	29	20	315	435
Enfermidades do sistema respiratorio	7	4	13	6	10	4	7	2	7	4	9	5	7	3	5	2	12	7	140	90
Enfermidades do sistema dixestivo	2	1	2	1	2	1	4	1	6	1	5	5	1	6	1	4	2	5	40	37
Síntomas / signos / achados anormais	1	4	0	2	0	1	4	2	1	1	2	2	2	1	2	2	0	0	31	38
Causas externas de mortalidade	11	1	9	0	9	3	3	1	2	1	1	4	8	1	5	4	2	2	70	33

Táboa 17. Evolución bianual das principais causas de mortalidade nos homes e nas mulleres segundo a Clasificación Internacional de Enfermidades (Servizo de Epidemioloxía, Dirección Xeral de Saúde Pública, 2017)


Se analizamos os datos de forma comparada entre mulleres e homes, atendendo ás principais causas de morte é posible percibir con maior claridade as maiores distancias entre sexos e a maior ou menor afectación por sexo de cada tipoloxía de enfermidade. Nese senso, **en Rianxo as mulleres representan 4 de cada 5 mortes cando se atinxe a trastornos mentais e do comportamento, 7 de cada 10 derivados de enfermidades endocrinas/nutricionais ou metabólicas e case 2 de cada 3 por problemas derivados do sistema nervioso.** No caso dos homes, aproxímanse a 7 de cada 10 por causa tumoral e causas externas, e suman 3 de cada 5 mortes por enfermidades do sistema respiratorio. Cabe pensar que **a diagnose da morte, máis que a propia morte en si mesma, é un dos motivos que, fundamentan as importantes diferenzas estatísticas, especialmente nas causalidades derivadas de trastornos mentais e do comportamento, e do sistema nervioso.** Pola contra, a causa definida na morte de 4 de cada 5 homes inclúese dentro de categorías xenéricas e claramente identificables (tumores, enfermidades do sistema circulatorio e do sistema nervioso).

	Número		% segundo a causa	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Enfermidades infecciosas e parasitarias	21	17	55,3%	44,7%
Tumores	410	185	68,9%	31,1%
Enfermidades endocrinas / nutricionais / metabólicas	12	28	30,0%	70,0%
Transtornos mentais e do comportamento	15	63	19,2%	80,8%
Enfermidades do sistema nervioso	21	36	36,8%	63,2%
Enfermidades do sistema circulatorio	315	435	42,2%	58,0%
Enfermidades do sistema respiratorio	140	90	60,9%	39,1%
Enfermedades do sistema dixestivo	40	37	51,9%	48,1%
Síntomas / signos / achados anormais	31	38	44,9%	55,1%
Causas externas de mortalidade	70	33	68,0%	32,0%


Táboa 18. Principais causas de mortalidade segundo sexo e a Clasificación Internacional de Enfermidades (Servizo de Epidemioloxía, Dirección Xeral de Saúde Pública, 2017)

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- **O número de mulleres con algunha discapacidade**, así como perceptoras de prestacións por invalidez e, especialmente, por xubilación, **é moi superior ao de homes no termo municipal**.
- En todo caso, **as pensións percibidas polas mulleres son máis de 12 puntos porcentuais inferiores con respecto aos homes**, o que equivale a 185€ menos como media cada mensualidade no ano 2017
- Igualmente, os datos para o conxunto de Galicia amosan como **os salarios percibidos polas mulleres son sensiblemente inferiores aos dos homes** con independencia da categoría profesional ou do sector de ocupación, evidenciando unha profunda fenda salarial.
- Os **datos de mortalidade permiten definir a existencia de diferenzas nas causas segundo o sexo**, sendo especialmente rechamante a elevada proporción de mulleres cuxo falecemento se aduce a problemas de tipo mental ou nervioso.
- A nivel municipal, desde o centro de saúde de Rianxo evidénciase **a maior incidencia de certas enfermidades asociadas ao xénero**, como pode ser a fibromialxia, no caso das mulleres. E destacan a existencia dun programa de detección precoz do cancro de mama organizado desde a consellería competente.
- Os **programas relacionados coa promoción da saúde sexual** céntranse na información e prevención de embarazos non desexados e da transmisión de enfermidades de transmisión sexual.



conciación e corresponsabilidade



Neste apartado achegámonos a realidade da conciliación da vida persoal, familiar e laboral da poboación rianxeira, desde un enfoque amplo de usos do tempo a nivel municipal. Así, resulta imprescindible avanzar no estudo das demandas e necesidades que existen en Rianxo para poder acompañar os tempos dedicados aos traballos produtivos con aqueloutros traballos reprodutivos que garanten os coidados e o benestar humano.

1. Centros prestadores de servizos de coidados

Neste caso referimos equipamentos que cobren necesidades de atención, coidado e educación de crianzas, mais tamén daqueles outros recursos destinados a dar cobertura ás necesidades de coidados das persoas adultas en situación de dependencia e/ou discapacidade.

A este respecto, desde o punto de vista de atención á infancia existe unha Escola Infantil, da rede "Galiña Azul" da Xunta de Galicia, como equipamento dirixido á atención educativa de crianzas entre os 0 e os 3 anos de idade. Con carácter xeral, no marco das mesas de traballo considerase a necesidade de ampliar a oferta de prazas e adaptar os horarios á necesidade das familias. Neste senso, considérase a importancia de entender que ao longo dun mesmo curso escolar poden darse cambios nas circunstancias e dinámica familiar que supoñan mudanzas no servizo demandado, por exemplo, debido a cambios na situación laboral.

Noutra orde, cando se refiren os coidados en relación a persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade, non existe ningún centro que garanta a atención ás usuarias e usuarios no propio municipio, senón que habería que desprazarse ata Dodro ou a Pobra do Caramiñal. Neste senso, existe unha reivindicación das veciñas e veciños de Rianxo para a creación dun centro de día a nivel municipal.

2. Servizos municipais de conciliación e corresponsabilidade

Para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral desde o concello de Rianxo póñense en marcha servizos municipais como os campamentos lúdicos dirixidos a nenas e nenos entre os 4 e os 12 anos nos períodos non lectivos, isto é, tanto no Nadal coma no verán. Neste caso, tanto as familias como o persoal técnico destacan a necesidade de ampliar a duración do servizo ofertado, pois no verán, por exemplo, non se cubre a totalidade do período vacacional.

Un dos problemas identificados en relación á accesibilidade do servizo do campamento de verán deriva da ausencia de transporte que apoie o desprazamento da poboación que viven nas distintas parroquias rurais. Nesta liña, a nivel técnico valórase a posibilidade de propoñer a descentralización de actividades como alternativa, mais unha das eivas reside en que non se cobren a totalidade de prazas ofertadas, polo que desenvolver a mesma actividade en paralelo reduciría aínda máis a presenza de nenas e nenos no servizo.


De igual xeito, o servizo de comedor preséntase como fundamental para facilitar ás familias a conciliación horaria entre os tempos escolares e os tempos laborais. Nalgúns centros, o comedor conta coa colaboración fundamental das ANPAS, fundamentalmente das nais, para o seu desenvolvemento. Mais unha vez que remata o tempo de comedor, nalgúns casos bótase en falta a existencia de actividades extraescolares no centro de referencia; por exemplo, nalgún centro educativo as crianzas marchan para casa xusto ao remate do servizo de comedor, arredor das 15:30.

De igual xeito, no eido educativo considérase a necesidade de incorporar un programa de madrugadores, para aquelas familias cuxo emprego comeza con anterioridade ao horario establecido a nivel escolar. Trataríase de ampliar a franxa de cobertura da atención ás crianzas no centro escolar.

En canto á corresponsabilidade, se ben é posible percibir certos cambios nos patróns das parellas en relación aos coidados das crianzas, considérase necesario mellorar o reparto de tarefas e responsabilidades no fogar. Igualmente, colle sinalar que esta suposta maior igualdade esvaeceuse cando referimos os coidados das persoas en situación de dependencia ou discapacidade, pois son maioritariamente as mulleres quen asumen estes traballos no marco da familia.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- A **conciliación** da vida persoal, familiar e laboral é complexa, e habitualmente **recae nos ombreiros das nais**, pois a corresponsabilidade na crianza e nos coidados aínda non é unha realidade efectiva.
- Existe un **profundo desaxuste entre os tempos laborais e os tempos escolares e familiares**. Neste desequilibrio, de forma habitual a balanza sitúase no lado do emprego, de xeito que se priorizan iniciativas encamiñadas á ampliación de servizos de atención e coidado.
- Se ben é certo que resulta fundamental reforzar certos servizos que garantan os coidados da vida, non é menos certo que **precisamos alternativas que poñan en cuestión o modelo produtivista dominante**, avanzando cara outras formas onde a vida das persoas se sitúe no centro.



cultura

Dende unha perspectiva global, cabe indicar en primeiro termo que tanto a ampla oferta como a diversa programación cultural son sinais de identidade do concello de Rianxo, que conta cunha tradición sostida na aposta pola difusión da cultura galega; transitando entre a potenciación deste eido a nivel local con recursos, programas e servizos, así como co achegamento ao termo municipal de espectáculos e propostas culturais de distinta natureza.

1. A xestión cultural

Desde a área de cultura non se está a realizar, neste momento, xestión de públicos alén das perspectivas persoais derivadas da experiencia no sector do persoal técnico, mais considérase necesario integrar ferramentas de traballo que permitan ter datos desagregados por sexo. Apúntase a falta de tempo e á sobrecarga laboral do propio persoal, pois a actividade de programación é moi intensa a nivel municipal. Porén, a diagnose considérase fundamental para a xestión cultural, unha liña de traballo sobre a que apuntalar futuras liñas de actuación.

En todo caso, as intuicións persoais derivan nunha apreciación de interese para esta diagnose, pois indícase que **as mulleres son maioría entre as usuarias da programación cultural**; sendo o perfil de varón que acode en solitario aos distintos espectáculos programados pouco frecuente. Como exemplo, se tomamos en consideración o Programa Apego, posto en marcha desde Normalización Lingüística, estímase que maioritariamente son as nais quen inscriben ás crianzas nesta actividade.

Neste senso, apúntase unha tendencia a que os homes acudan aos espectáculos acompañando ás compañeiras, mais non tanto por propia iniciativa. Así, existe interese por deseñar actuacións que impliquen máis aos homes, pois apúntase a unha posible segregación de intereses, no caso deles máis vencellados ao deporte. En todo caso, sería de interese avanzar cara un sistema máis obxectivo en canto aos datos relativos á xestión de públicos.

Igualmente, expónse a necesidade de incidir na difusión da programación cultural naqueles espazos municipais con maior presenza de mulleres, algo que se fai sempre que é posible; mais indícase que ás veces cultura é un continuo facer, en termos de cantidade máis que de calidade no propio traballo técnico, sendo esta unha liña a mellorar no futuro.

En canto á comunicación empregada na difusión das actividades destácase a importancia de empregar unha linguaxe non exista, mais non se identifica co mesmo rigor a importancia que, por exemplo, teñen as imaxes que acompaña á publicidade dun evento ou actividade.

Na mesma liña, en relación ao valor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, explícase que na área hai sensibilidade, procurando ter en conta o criterio de igualdade á hora de programar; mais tamén advirten que esta vontade non é suficiente. Nesta liña, considerase necesario contar cun documento programático e establecer cotas a cumprir á hora de programar, referido neste caso ás compañías que acoden ao auditorio de Rianxo e á propia temática abordada nos espectáculos. A este respecto, o persoal técnico valora a posibilidade de establecer medidas de discriminación positiva á hora de contratar compañías que sexan paritarias na súa formación, ou en facilitar a cesión de espazos a mulleres.

Desde a área de cultura destácase que a calidade no servizo implica xestión de públicos, planificación e directrices claras. Neste horizonte de traballo, a igualdade de xénero considérase un elemento importante. Neste senso, destácase a necesidade de mellorar a coordinación e comunicación entre as distintas áreas e departamentos municipais e que a igualdade entre mulleres e homes pase a ser unha liña estratéxica de planificación nos diferentes eidos municipais.

2. Creación cultural

O intenso traballo de xestión cultural que se desenvolve a nivel local deixa pouco tempo para favorecer procesos de creación cultural. A este respecto, e tendo en conta o esforzo que se desenvolve a nivel municipal en procesos de democracia cultural, isto é, espallar e difundir a cultura entre o público considérase fundamental apostar por unha liña de traballo máis centrada na democratización cultural, isto é, que as persoas e grupos sexan axentes culturais en si propios e para si.

Neste senso, apúntase a colaboración informal que se establece cun colectivo de artesanía de mulleres de Rianxo, unha liña de traballo que consideran fundamental: apoiar e dinamizar a poboación rianxeira para favorecer procesos creativos a nivel municipal.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- A **xestión de públicos**, ofrecendo información desagregada por sexo e atendendo a outras cuestións sociodemográficas, así como o **estudo de gustos e intereses** resulta fundamental para mellorar a calidade do traballo na área de cultura.
- Aínda que as **mulleres** teñen unha importante presenza como usuarias dos espectáculos de cultura, **resulta necesario apoiar e potenciar o seu labor creativo**.
- Valorase a posibilidade de **establecer medidas de discriminación positiva** tanto nos pregos de contratación como nas normas e usos dos espazos culturais.
- Cómpre unha maior coordinación e comunicación entre as distintas áreas e departamentos municipais para **evitar duplicidades na programación e mellorar a xestión de públicos**.



deporte

O deporte é un dos eidos onde tradicionalmente se observan importantes diferenzas nas pautas de mulleres e homes. Estas diferenzas adoitan facerse máis pronunciadas a medida que aumenta a idade das persoas, sendo a adolescencia unha etapa crítica onde se produce un aumento do abandono da práctica físico-deportiva entre as rapazas debido á influencia dos roles e estereotipos de xénero que condicionan o desenvolvemento físico dos corpos en masculino e feminino.

Substituír este parágrafo por: Desde a área de deportes confírmase a menor presenza de mulleres na práctica deportiva federada, namentres acadan unha significativa maioría na práctica deportiva orientada á saúde (ex: pilates, ioga...), este feito garda relación coa falta de oportunidades de competir de forma habitual e regular en equipas. Unha segunda conclusión que deriva desta afirmación é a tendencia a que a práctica deportiva das mulleres sexa máis individual que colectiva, algo que non acontece nas mesmas proporcións no caso dos homes. Igualmente, os roles e estereotipos favorecen a segregación dos gustos e intereses, sendo así que aqueles deportes que implican un maior contacto físico adoitan ser peor considerados para a práctica feminina.

Ademais da praxe, tamén se detectan habitualmente diferenzas na xestión, planificación e dirección das actividades deportivas ou entidades que as amparan, contextos nos que a presenza de mulleres é minoritaria.

1. Entidades deportivas

No municipio de Rianxo **as mulleres só participan da metade das modalidades deportivas institucionalizadas que existen no municipio**. Así, concretamente, as mulleres están presentes nos seguintes clubs e espazos deportivos:

- Club de Baloncesto Rianxo
- Club de Remo de Rianxo
- Club de Piragüismo de Rianxo
- Club de Voleibol de Rianxo
- Club Deportivo Unión
- Barbanza Rugby Club (neste caso só participan nos adestramentos)
- Motoclub Jas a Tope (constátase desde a área que hai algunha muller moteira aínda que non hai datos oficiais rexistrados).

Colle sinalar que no marco desta diagnose non se considerou a participación feminina naqueles clubs onde, por exemplo, se manteñen unidades

mixtas ate a categoría de infantís, mais non existe oportunidade para que as rapazas continúen no momento en que deixa de haber grupos mixtos.




Gráfico 39. Clubs deportivos de Rianxo con participación feminina (datos facilitados polo Servizo Municipal de Deportes, 2017)

2. Xerencia das entidades deportivas

Os datos relativos á xerencia das entidades deportivas manteñen unha liña de coherencia coa menor participación feminina a outras escalas, mais neste caso atopámonos cun **100% de presidencias de clubs deportivos xestionadas por homes**; e só nalgún caso, se facilitan os datos de contacto dunha muller en representación do club, tal e como se recolle no Gráfico 41.

Así acontece ao respecto dos 19 clubs con sede en Rianxo dos que dispoñemos de información facilitada desde a área técnica, sen que existan diferenzas en función da tipoloxía da entidade ou da modalidade deportiva, dado que a sobre representación dos homes é practicamente absoluta.

No caso da única muller destacada neste eido, sinalar que ocupa o posto de secretaria na directiva e é persoa de contacto para o club.





Gráfico 40. Presidencia ou persoa de referencia nas relacións co Concello nos clubs deportivos de Rianxo (datos facilitados polo Servizo Municipal de Deportes, 2018)

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- **A totalidade de presidencias dos cargos directivos nos clubs de Rianxo son ocupadas por homes.** Nalgún caso, as mulleres entran na secretaría e outros labores de representación, mais non é o habitual.
- Os **roles e estereotipos de xénero** en relación aos corpos masculinos e femininos **inciden nas eleccións da práctica físico-deportiva en mulleres e homes**; atopándonos unha realidade deportiva con bastante segregacións no tipo de práctica e actividades que desenvolven unhas e outros.
- A **adolescencia é unha etapa crítica en relación á práctica deportiva das rapazas**, un momento a partir do cal dispoñen progresivamente dunha inferior oferta e apoio social para a práctica físico-deportiva, e mesmo amosan un menor interese.
- **As mulleres teñen maior presenza na práctica deportiva orientada á saúde e de corte individual**; mentres os homes son maioría na práctica colectiva orientada á competición.



participación social, comunitaria e política



Neste apartado referimos información relativa á implicación e participación de homes e mulleres a nivel comunitario. Neste punto, cabe sinalar que desde a área de cultura estase traballando no rexistro municipal de asociacións para a súa actualización.

1. Participación social e comunitaria

No marco das mesas de traballo apúntase a unha segregación na participación de homes e mulleres no tecido asociativo local. Deste xeito, namentres as ANPAS, por exemplo, son espazos de participación feminizados, outros espazos como as entidades ou as asociacións deportivas, as comunidades de montes ou o tecido empresarial teñen unha significativa presenza masculina.

No caso de Rianxo, a pesares de ter un tecido asociativo bastante significativo e que as mulleres teñen certa presenza, por exemplo, nas asociacións de festas ou na Plataforma para o Centro de Día, non existe ningunha asociación exclusivamente de mulleres. É dicir, non hai ningunha entidade asociativa creada e integrada por mulleres para atender as demandas, necesidades e intereses das mulleres. En si mesmo, este dato apunta á necesidade de dinamización para a creación de espazos propios de participación e incidencia a nivel social e comunitario para as mulleres.

A este respecto, desde a área técnica responsable apúntase a posibilidade de establecer medidas de discriminación positiva en favor das mulleres, con incidencia na cesión de espazos e na liña de subvencións a aquelas asociacións que teñan unha estrutura de participación paritaria.

2. Participación política

A composición segundo sexo da representación política en Rianxo na última lexislatura (2015–2019) amosa a una proporción equilibrada en canto á presenza de homes e mulleres, tanto no equipo de goberno como na oposición.

A este respecto, e no marco da participación cidadá a nivel municipal iniciouse o traballo de constituír un Consello de Participación de Mulleres no eido local, coñecido como “Consello de Sabias” e tamén destaca o labor do “Comité Lila”.




Gráfico 41. Composición segundo sexo do Pleno e Concellarías no Concello de Rianxo (información recollida da web municipal)

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- Destácase a **importancia de avanzar na xestión de información desagregada por sexo** na participación e xestión do tecido asociativo rianxeiro.
- A **incorporación de mulleres a participación socio-comunitaria** a través de espazos propios é un reto para o futuro a nivel municipal.
- As **medidas de discriminación positiva poden ser unha ferramenta para alentar estruturas de participación** máis paritarias e integradoras, onde as mulleres acaden cotas de poder e con incidencia social, comunitaria e política a nivel municipal.
- Ademais de atender aos números de participación resulta fundamental abordar a cultura da participación, é dicir, **revisar os estilos de liderado** e as formas de participar desde un enfoque de xénero.
- Resulta de interese **crear e consolidar estruturas de participación cidadá** que integren a igualdade de xénero como valor fundamental.

administración local

Neste apartado incorporamos información relativa á propia administración municipal, atendendo ás dinámicas internas existentes no concello de Rianxo. Concretamente avaliamos o nivel de coñecemento e manexo das ferramentas facilitadoras do mainstreaming de xénero por parte do persoal técnico.



1. Nivel de sensibilidade e de conciencia crítica de xénero do persoal técnico

A meirande parte do persoal técnico entrevistado identifica á división sexual do traballo como un escenario de desigualdade importante, así como a perpetuación dos roles tradicionais de xénero, nomeadamente no que respecta aos coidados. Ademais, e prestando atención ao contexto municipal en cuestión, apúntase á segregación horizontal do mercado laboral, incidindo na precarización dos traballos feminizados, especialmente naqueles relacionados co mar.

Así mesmo sinálanse ás fendas de xénero nos espazos de poder comunitarios e sociais; e unicamente se fai referencia ao sector urbano / rural como factor de discriminación múltiple, mais non se refiren outras cuestións de interseccionalidade a ter en conta nas políticas públicas municipais, como pode ser a situación de discapacidade, a orientación sexual ou a procedencia étnica, entre outras.

Neste senso, colle destacar o feito de que a violencia machista se identifica ligada ao contexto de parella, apreciándose en menor medida aquelas que acontecen e se reproducen noutros ámbitos da vida: tales como no espazo público, no deporte, no uso dos tempos ou nas propias institucións públicas, a través, neste casos, de procesos de revitimización.

2. Ferramentas para a transversalización do enfoque de xénero na administración municipal

2.1. Rexistro e sistematización da información

A maior parte das persoas entrevistadas non está afeita a desagregar os datos de participación e acceso a servizos por sexo, de feito soamente unha das áreas incorpora estes mecanismos nalgunha das actividades programadas. Así mesmo, nalgún caso recoñécese a importancia e a utili-

dade que tería esta práctica dende unha perspectiva de xénero para orientar mellor as actuacións deseñadas. Neste senso, destaca a área de cultura e de normalización lingüística.

2.2. Incorporación de criterios de xénero na normativa municipal

A normativa municipal non incorpora criterios de xénero ou de discriminación positiva alén do establecido con carácter xeral na normativa provincial ou estatal. Con carácter xeral, o persoal técnico coñece en que consiste este tipo de criterios e aplícanos cando veñen dados desde outros niveis da administración pública.

No marco da elaboración desta diagnose levouse a cabo unha análise da normativa municipal relativa ás taxas e das ordenanzas non fiscais. A continuación presentamos as principais conclusións que derivan deste estudo:

- Non se incorporan mecanismos para rexistrar a información desagregada por sexo, o que imposibilita a medición do impacto das normas desde un enfoque de xénero nos diferentes ámbitos municipais.
- O modelo de familia heteropatriarcal é a referencia normativa, deixando fóra en moitas ocasións outros modelos de convivencia alén do matrimonio; o que pode provocar, nalgúns casos, unha situación de discriminación múltiple.
- Bótanse en falta mecanismos de discriminación positiva para equilibrar certas situacións de desigualdade no ámbito social e comunitario municipal.
- Non se trata a linguaxe dende un enfoque inclusivo e igualitario.
- Na normativa que regula prácticas e espazos seguros non se ten en conta a violencia machista como un factor de risco que contribúe a incrementar a situación de inseguridade das mulleres. Por exemplo, na ordenanza que regula a tenencia de animais perigosos poderíase introducir os antecedentes por violencia machista como criterio limitante.
- Na normativa que regula o uso das instalacións dos equipamentos municipais non se incorporan medidas que favorezan a adaptación dos espazos para a corresponsabilidade nos coidados ás crianzas. Como exemplo, no acceso aos vestiarios da piscina municipal na

normativa de referencia indícase que, unicamente ata os 6 anos, os nenos e as nenas poderán acudir a un vestiario diferente ao que se asocia co seu sexo.

2.3. Nivel de inclusión da perspectiva de xénero nas áreas municipais

En relación a esta cuestión, o nivel de sensibilidade amosado en cada caso depende da conciencia persoal e da formación feminista do propio persoal técnico, e tamén do persoal político responsable de cada área.

Con carácter xeral, non existe unha liña de traballo estratéxica en materia de igualdade entre mulleres e homes a nivel municipal que favoreza a transversalización e coordinación das diferentes áreas técnicas.

2.4. Tratamento non sexista da lingua e da imaxe

En xeral, o persoal técnico entrevistado amosa sensibilidade coa importancia que ten a linguaxe que empregamos e os valores que transmitimos a través dela, así como determinadas prácticas que están incorporadas nas rutinas que teñen que ver coa programación e que poden contribuír a reproducir roles e estereotipos de xénero sexistas.

Aínda así, identifícanse eivas no que respecta á formación en materia de igualdade de xénero, e especificamente en relación á comunicación non sexista, que abarca un espectro máis amplo que a linguaxe escrita ou oral, incorporando tamén as imaxes que acompañan as estratexias de comunicación a nivel municipal. Tamén se identifica a necesidade de incorporar este uso inclusivo da linguaxe nos procedementos administrativos e burocráticos.

2.5. Nivel de coordinación e de traballo en rede arredor do tema da igualdade de xénero

Desde as áreas técnicas confírmase a ausencia de espazos de traballo compartido, o que supón un problema de cara a transversalizar o enfoque de xénero e compartir unha liña de traballo estratéxica nesta materia.

A este respecto sinálase a ausencia de persoal técnico especializado en igualdade, como por exemplo, a figura de axente de igualdade, como un atranco significativo.

A única experiencia coordinada que se identifica é arredor da campaña en contra das violencias machistas “Rianxo en Negro” ou da campaña LGBTI que se desenvolveu no ano 2018; o que resalta a necesidade de establecer vías de coordinación, nomeadamente no que respecta ao funcionar fronte a un caso de muller en situación de violencia machista no contexto de parella.

2.6. Nivel de formación en materia de igualdade de xénero do persoal técnico

No marco das entrevistas e das mesas de traballo percíbense eivas ao respecto da formación en materia de igualdade entre mulleres e homes do persoal técnico, destacando a predisposición para recibir formación especializada. Neste senso, sería de interese aplicar unha formación centrada na aplicación de ferramentas transversalizadoras do enfoque feminista na xestión das políticas públicas.

3. Unha administración municipal igualitaria

3.1. Segregación horizontal e teito de vidro

A nivel municipal, as persoas entrevistadas valoran a distribución do poder entre mulleres e homes como máis igualitario que noutros concellos, de certo, a presenza de mulleres nas esferas de poder tanto a nivel político como técnico son unha realidade: dúas tenencias de alcaldía están ocupadas por mulleres e os cargos de secretaría e intervención tamén son rexentados por mulleres.

Porén, a nivel político, recoñécese que a falla de dedicación exclusiva no caso das mulleres que se dedican á política municipal dificulta a asunción de postos de poder ou con responsabilidade na toma de decisións. Neste senso, semella que o teito de cristal non ten tanto peso en algunhas áreas máis non en todas, pois séguese percibindo a influencia dos roles tradicionais de xénero na segregación horizontal que se reproduce nas áreas do concello, tales como a construción, axuda no fogar, servizos sociais ou a limpeza.

En todo caso, a nivel laboral destácase a previsión e a necesidade de aprobar a Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Rianxo para obter datos máis obxectivos en relación ás condicións laborais das traballadoras e traballadores da administración municipal. No marco deste documento regulador considérase fundamental atender á cultura laboral imperante, poñendo atención á definición de funcións, salario e distribución de responsabilidades e xornada laboral. Nesta altura, estas cuestión resólvense en base ao criterio de antigüidade no posto laboral.

3.2. Conciliación e corresponsabilidade na administración municipal

En relación aos dereitos de conciliación das traballadoras e traballadores do concello de Rianxo recoñécese no convenio a flexibilidade horaria para facilitar a atención a persoas en situación de dependencia e/ou crianzas, ata un máximo de dúas horas. No caso de producirse situacións excepcionais, desde alcaldía facilitanse as medidas oportunas para favorecer procesos que permitan equilibrar as responsabilidades laborais en relación a outras derivadas do eido familiar e/ou persoal.

Neste senso, considérase a oportunidade que brinda a elaboración do II Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Rianxo para incorporar medidas que favorezan os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Así, apuntase á posibilidade de avanzar nos dereitos de maternidade e paternidade iguais e intransferibles como unha liña que evidencie ao concello de Rianxo como unha entidade comprometida coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

violencia machista

Neste apartado presentamos os datos relativos á violencia machista no contexto de parella, combinando os datos galegos coa maior aproximación posible á realidade de Rianxo. No caso de Rianxo, as cifras de interese deriva da información recompilada no Partido Xudicial de Padrón, que abrangue tamén os datos para os municipios de Dodro, Padrón e Rois.

Igualmente, como resultado do traballo cualitativo realizado nas mesas de traballo incorporamos unha mirada estrutural sobre a violencia contra as mulleres, introducindo os diferentes tipos de violencias machistas –sexual, económica, institucional, psicolóxica...– e valorando a súa presenza no municipio de Rianxo.

1. Datos para Galicia

A efectos de contextualizar o estado da cuestión, recolleemos algúns dos principais rexistros dispoñibles sobre violencia machista para o conxunto de Galicia e a súa evolución atendendo aos datos dos últimos anos.

	Nº vítimas mortais	Nº ordes protección	Nº perceptoras Renda Activa de inserción	Nº chamadas pertinentes ao 016	Nº denuncias por violencia de xénero
2012	4	1.443	1.063	2.556	4.788
2013	3	1.490	1.197	2.714	5.174
2014	6	1.327	1.311	2.901	5.209
2015	8	1.564	1.303	3.715	5.210
2016	4	1.693	1.331	4.033	5.683
2017	2	1.928	1.213	3.473	6.436
OUT 2018	3	941	1.003	2.607	2.979

Táboa 19. Evolución do número de vítimas, ordes de protección, perceptoras de prestación, chamadas ao 016 e denuncias por violencia machista en Galicia (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)

Desde o ano 2012 e ata outubro de 2018, en Galicia foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas un total de 30 mulleres. No mesmo período, téñense concedido 10.386 Ordes de Protección e presentado 21.999 denuncias.

Se atendemos a situación de denuncia en relación aos asasinatos acontecido, neste caso desde o ano 2003 e ata outubro de 2018, constatamos no 69% dos casos non existía denuncia previa, nun 17,2% había denuncia e nun 13,8% non consta a existencia da mesma.

		Vítimas ata OUT 2018	Vítimas de 2003 a OUT 2018
EX-PARELLA	Non había denuncia	1	11
	Había denuncia	0	4
	Non consta denuncia	0	1
PARELLA	Non había denuncia	1	21
	Había denuncia	0	4
	De oficio	0	0
	Non consta denuncia	0	7
PARELLA EN FASE DE SEPARACIÓN	Non había denuncia	0	8
	Había denuncia	0	2
	Non consta denuncia	0	0
	TOTAIS		58

Táboa 20. Número de vítimas mortais por violencia machista segundo existencia de denuncia e vínculo co agresor en Galicia (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)

2. Datos segundo partido xudicial

A nivel do partido xudicial, só dispoñemos de datos desagregados sobre ordes de protección e denuncias por violencia de xénero. Coa excepción dos datos para o ano 2018, aínda provisionais, as cifras máis elevadas de denuncias no Partido Xudicial de Padrón, ao que se adscribe Rianxo, prodúcense nos anos precedentes.

	Nº ordes protección	Ratio ordes protección	Nº denuncias por violencia de xénero	Ratio denuncias por violencia de xénero
2009	9	0,64	24	1,71
2010	25	1,78	45	3,21
2011	27	1,93	39	2,78
2012	11	0,78	46	3,28
2013	2	0,14	43	3,07
2014	7	0,50	29	2,07
2015	15	1,07	41	2,92
2016	10	0,71	54	3,85
2017	6	0,43	50	3,57
OUT 2018	6	0,43	12	0,86
Total	118		383	

* Ratio de 1000 mulleres residentes no 2017 nos territorios do partido xudicial de Padrón

Táboa 21. Evolución do número e ratio de denuncias por violencia machista e número de ordes de protección segundo ano no partido xudicial de Padrón (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, 2018)

Para establecer unha medida relativa sobre as ordes de protección e as denuncias por violencia de xénero, calculamos o número de cada un respecto á poboación feminina residente no ámbito territorial de referencia, isto é, o Partido Xudicial de Padrón, que abrangue os concellos de Rianxo, Rois, Dodro e Padrón. Colle destacar que tanto no 2016 como no 2017 denunciaron unha proporción próxima a 4 de cada 1.000 mulleres, namentres que nos anos 2010 e 2011 as ordes de protección aproximáronse a 2 por cada 1.000 mulleres.

No marco da violencia machista do traballo realizado nas mesas de traballo evidénciase a preocupación entornó á presenza da violencia machista en parellas novas; considerándose a adolescencia unha etapa especialmente

sensible, ao ser o momento en que se establecen as primeiras relacións afectivo-sexuais de parella. De aí que se entenda fundamental traballar a nivel municipal desde un enfoque preventivo.

Igualmente, considérase que os recursos destinados a dar apoio e atención ás vítimas non se coñecen o suficiente entre a poboación, polo que sería preciso informar das posibilidades dispoñibles para as mulleres de Rianxo. Nesta liña, tamén sería de interese favorecer unha maior compresión da situación de violencia machista na parella e ofrecer ferramentas á veciñanza para que podan intervir e axudar en circunstancias en que se podan ver interpeladas.

A este respecto, destácase a importancia de crear unha rede de apoio entre mulleres para superar situacións de violencia machista, precisamente porque o concello non conta cun CIM propio, senón que habería que desprazarse ata Boiro, polo que contar cun espazo de encontro a nivel local para por en práctica dinámicas de sororidade entre mulleres. Nesta liña, no marco das mesas de traballo indícase que, con carácter habitual, os agresores non teñen sanción social pola súa conduta, de aí que se valore a necesidade de mudar o foco de atención e centrar as mensaxes no rexeitamento do agresor.

Igualmente, evidénciase a importancia de abordar a violencia sexual como unha forma específica de violencia machista, que pode darse na parella ou alén desta, noutros escenarios sociais, laborais ou de lecer. O acoso na rúa, os piropos e outras condutas denigrantes e violentas cara as mulleres permanecen instauradas no comportamento masculino con certa naturalidade, de aí a necesidade de adoptar medidas que permitan cambiar esta situación. Mais tamén se evidencia a importancia de que as mulleres falen das súas experiencias e dos seus medos, contribuíndo a identificar espazos da vila de Rianxo e das súas parroquias onde non se senten seguras. Neste senso, a presenza de casos de violencia sexual na vila que acadaron transcendencia nos medios de comunicación ten contribuído a aumentar a percepción de inseguridade ou as medidas de protección das mulleres e rapazas.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

- Tanto para o conxunto de Galicia como para o Partido Xudicial de Padrón, dentro do que se integra o concello de Rianxo, **os datos sobre violencia machista no contexto de parella amosan unha realidade preocupante.**
- Nos últimos anos completos dos que existen rexistros, isto é 2016 e 2017, **atopamos os ratios máis elevados de denuncias** por cada 1.000 mulleres no Partido Xudicial de Padrón.
- Cómpre **actuar desde un enfoque preventivo** e poñer atención **na etapa da adolescencia**, por ser este o momento no que se establecen as primeiras relacións afectivo-sexuais.
- A **creación de espazos de encontro de mulleres** constitúen espazos de apoio para o exercicio da sororidade, e poden ser unha axuda fundamental na superación de situacións de violencia machista no contexto de parella.
- **A violencia sexual está presente no marco da parella e alén dela**, noutros escenarios sociais, laborais ou de lecer; de aí a importancia de establecer medidas de prevención e actuación contra esta forma de violencia machista.

90354389572
05028923
389572/
09798/
9859
571
48
38957249
8923414874
572493857111
979859845431759
97985984543105028923
565795724938579409798598454310502892341487890374981
289234148743097985984543175908342489037498173489030054389
57249385711
985984547
9845437
00738/
3895/
097/
98/
5984543175
8454310502892
5431759083424890
348974950289234148789
3175908342489037
498173489100
749817348
5794097
13344
3489
92
9

RIANXO EN CIFRAS

II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E HOMES

Financia

Coordinación técnica